



Guía Docente				
Datos Identificativos			2019/20	
Asignatura (*)	Estancias Prácticas I	Código		653G01110
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	4.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias Biomédicas, Medicina e FisioterapiaCiencias da Saúde			
Coordinación	Nieto Riveiro, Laura	Correo electrónico	laura.nieto@udc.es	
Profesorado	Canosa Domínguez, Nereida María	Correo electrónico	nereida.canosa@udc.es	
	Dacuña Vázquez, Inés		ines.vazquez3@udc.es	
	Groba Gonzalez, Betania		b.groba@udc.es	
	Nieto Riveiro, Laura		laura.nieto@udc.es	
	Rosende Celeiro, Iván de		ivan.de.rosende.celeiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia pretende o desenvolvemento de competencias que permitan ao alumnado comprender e aplicar os coñecementos relacionados coa práctica clínica e/ou comunitaria da Terapia Ocupacional mediante a observación e análise dos centros de prácticas e da intervención das/os profesoras/es-titoras/es, terapeutas ocupacionais, dos devanditos centros. Descriptor: Estancias prácticas para aplicar teorías, fundamentos, metodoloxías, técnicas, avaliacións e valoracións de Terapia Ocupacional, traballando adecuadamente en equipo e desenvolvendo as funcións e destrezas propias desta/e profesional en diferentes contornas, centros, hospitais, institucións e grupos sociais e poboacionais.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Desenvolver habilidades básicas dun(ha) terapeuta ocupacional neste estadio de aprendizaxe, de acordo ás competencias seleccionadas.	A6	B6	C4
	A16	B9	C7
	A19	B14	
	A23	B19	
		B23	
Observar, analizar e reflexionar sobre os centros de prácticas e as funcións das/os terapeutas ocupacionais integradas/os no sistema sanitario, educativo, domiciliario, laboral e comunitario de pertenza. Así mesmo, o alumnado debe desenvolver a capacidade para manter a dignidade, a privacidade e a confidencialidade das persoas.		B24	
		B26	
		B31	
	A8	B3	C1
	A16	B6	C4
	A19	B7	C7
	A23	B8	
		B19	
		B23	
		B24	



Observar, analizar e reflexionar sobre a intervención da/o terapeuta ocupacional nos diferentes ámbitos da disciplina.	A19	B3 B6 B7 B8 B19 B23 B24	C1 C4
Observar, analizar e reflexionar sobre a relación terapéutica en terapia ocupacional.	A19	B3 B6 B7 B23 B24	C1 C4 C7
Observar, identificar, analizar e reflexionar sobre o perfil das/os usuarias/os dos servizos de terapia ocupacional.	A19	B3 B6 B7 B8 B19 B23 B24	C1 C4

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1.- Criterios xerais das Estancias Prácticas I	Tema 1.1.- Consideracións e aspectos éticos Tema 1.2.- Normas e consideracións básicas dos centros de prácticas clínicas e/ou comunitarias Tema 1.3.- Análise dos centros de prácticas clínicas e/ou comunitarias
Tema 2.- Observación da intervención de terapia ocupacional nos centros de prácticas	Tema 2.1.- Intervención desde terapia ocupacional nos centros de prácticas clínicas Tema 2.2.- Intervención desde terapia ocupacional nos centros de prácticas comunitarias Tema 2.3.- Habilidades básicas para a intervención desde terapia ocupacional
Tema 3.- Rexistro da información en terapia ocupacional	Tema 3.1.- Características xerais do rexistro da información en terapia ocupacional
Tema 4.- Observación de teorías, fundamentos, metodoloxías, técnicas, avaliacións e valoracións de terapia ocupacional nos centros de prácticas clínicas e/ou comunitarias	Tema 4.1.- Abordaxes de intervención desde terapia ocupacional Tema 4.2.- Análise das funcións e destrezas propias das/os terapeutas ocupacionais Tema 4.3.- Cooperación co equipo interdisciplinar

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A8 A23 B6 B7 B14 B19 B23 B24 B26 B31 C1 C4 C7	1	1	2
Aprendizaxe colaborativa	A8 A19 A23 B3 B6 B7 B8 B9 B14 B19 B23 B24 B31 C1 C4 C7	1	14	15
Lecturas	A19 B3 B6 B7 B8 B19 B23 B24 B31 C1 C4 C7	1	5	6



Portafolios do alumno	A8 A19 B3 B6 B7 B8 B9 B19 B23 B24 B31 C1 C4 C7	1	19	20
Prácticas clínicas	A6 A8 A16 A19 A23 B3 B6 B7 B8 B9 B14 B19 B23 B24 B26 B31 C1 C4 C7	60	0	60
Sesión maxistral	A8 A19 B3 B6 B8 B14 B19 B23 B24 B31 C1 C4 C7	5	0	5
Atención personalizada		4.5	0	4.5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Son actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con esta metodoloxía preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado.
Aprendizaxe colaborativa	Consiste nun conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a do resto de integrantes do grupo.
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recollen e editan como fonte de profundización nos contidos traballados na materia.
Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas pola/o alumna/o nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polas docentes, o que lles permite visualizar o progreso do alumnado. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai a/o estudante, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso da/o alumna/o realizados polas docentes, etc.
Prácticas clínicas	O ensino clínico pode entenderse como un proceso instrucional que ten lugar nun ambiente natural relacionado co exercicio dunha profesión, no que o estudantado observa e participa en actividades clínicas deseñadas para proporcionarlle oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica da terapia ocupacional.
Sesión maxistral	Consiste nunha exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóse reservar a un tipo especial de lección impartida por un(ha) docente en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas Portafolios do alumno Prácticas clínicas Aprendizaxe colaborativa	A atención personalizada farase mediante tutorías personalizadas directas e virtuais, individuais e grupais. Consensuaranse os horarios coas docentes da materia.



Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas	A19 B3 B6 B7 B8 B19 B23 B24 B31 C1 C4 C7	Valoraranse, ademais das destrezas e coñecementos adquiridos referentes ao contido da materia, a capacidade de expresión escrita do alumnado (avaliando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos), a integración e aplicación de conceptos teóricos e prácticos, a argumentación ofrecida nas súas intervencións, e a capacidade de razoamento e resolución de problemas.	5
Portafolios do alumno	A8 A19 B3 B6 B7 B8 B9 B19 B23 B24 B31 C1 C4 C7	Valoraranse, ademais das destrezas e coñecementos adquiridos referentes ao contido da materia, a capacidade de expresión escrita do alumnado (avaliando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos), a integración e aplicación de conceptos teóricos e prácticos, a argumentación ofrecida nas súas intervencións, e a capacidade de razoamento e resolución de problemas.	25
Prácticas clínicas	A6 A8 A16 A19 A23 B3 B6 B7 B8 B9 B14 B19 B23 B24 B26 B31 C1 C4 C7	Valorarase a asistencia, a puntualidade, a responsabilidade, o interese e a actitude ante as normas, así como a adquisición e aplicación de destrezas, coñecementos e conceptos tanto teóricos como prácticos. As ausencias xustificadas ás prácticas clínicas deberán ser comunicadas previamente á coordinadora da materia e á coordinadora do título mediante correo electrónico. Posteriormente, deberá achegarse o xustificante correspondente.	60
Aprendizaxe colaborativa	A8 A19 A23 B3 B6 B7 B8 B9 B14 B19 B23 B24 B31 C1 C4 C7	Valoraranse, ademais das destrezas e coñecementos adquiridos referentes ao contido da materia, a capacidade de presentación oral do alumnado, a integración e aplicación de conceptos teóricos e prácticos, a argumentación ofrecida nas súas intervencións, e a capacidade de traballo en equipo e resolución de problemas, así como a actitude crítica e reflexiva.	10

Observacións avaliación

O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspense, 5-6.9=Aprobado, 7-8.9=Notable, 9-10=Sobresaliente/Matrícula de honra (Graciable).

Para superar a materia, a/o alumna/o debe participar activamente nas metodoloxías propostas, asistindo a todas as sesións prácticas (Prácticas clínicas) e entregando todos os traballos solicitados (Aprendizaxe colaborativa, Lecturas e Portafolios). Ademais, deberá acadar unha cualificación global mínima de 5 puntos e ter superadas polo menos as metodoloxías de Prácticas clínicas e Portafolios da/o alumna/o. Para iso, será necesario ter unha cualificación mínima de 4 puntos (sobre 6) na metodoloxía Prácticas clínicas e unha cualificación mínima de 1 punto (sobre 2,5) na metodoloxía Portafolios da/o alumna/o. As notas do resto de metodoloxías (Aprendizaxe colaborativa e Lecturas) só serán tidas en conta para a cualificación global da materia, se a/o estudante acada as citadas puntuacións nas mencionadas metodoloxías. En caso contrario, a nota da convocatoria corresponderá á nota obtida na metodoloxía suspensa (nota obtida nas Prácticas clínicas ou no Portafolios). No caso de ter ambas metodoloxías suspensas (Prácticas clínicas e Portafolios), a nota da convocatoria corresponderá á nota obtida na metodoloxía Prácticas clínicas.

No caso de non superación da materia na primeira oportunidade da convocatoria (xuño), a/o estudante deberá repetir a entrega de traballos e participar de novo nas metodoloxías propostas durante a segunda oportunidade (xullo).

Segundo a norma que regula o réxime de dedicación ao estudo das/os estudantes de grao na Universidade da Coruña (aprobada no Consello de Goberno do 22/05/2012), cando un(ha) estudante teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, ten dereito a gozar dun réxime de asistencia a clase de carácter flexible e a solicitar a dispensa académica especial establecida no artigo 4 (apartado 5) de dita norma, en tanto non afecte negativamente ao proceso de avaliación da/o estudante. A tal efecto, as Comisións Académicas dos diferentes centros da UDC concretan o alcance da citada dispensa. Por tanto, a concesión á solicitude de dita flexibilidade quedará a expensas da valoración e decisión da comisión académica do Grao en Terapia Ocupacional da UDC, tendo en conta as metodoloxías e criterios de avaliación das materias.

Fontes de información



Bibliografía básica	- American Occupational Therapy Association (AOTA) (2015). Occupational Therapy Code of Ethics. The American Journal of Occupational Therapy, Vol. 69 (Supl. 3) - Boyt Schell, B.A., Gillen, G., Scaffa, M.E. (2015). Willard & Spackman: Terapia ocupacional, 12ª ed. Buenos Aires, Madrid: Médica Panamericana - Council of Occupational Therapists for the European Countries (COTEC) (2009). Code of Ethics. - García-Margallo, P. et al. (2005). El análisis y la adaptación de la actividad en terapia ocupacional. Madrid: Aytona - Gómez-Tolón, J. (1997). Fundamentos metodológicos de la terapia ocupacional. Zaragoza: Mira - Hopkins, H.L., Smith, H.D. (2006). Terapia ocupacional, 9ª ed. Buenos Aires, Madrid: Médica Panamericana - Kielhofner, G. (2006). Fundamentos conceptuales de la terapia ocupacional, 3ª ed. Buenos Aires, Madrid: Médica Panamericana - Moruno, P. (2017). Principios conceptuales de la terapia ocupacional. Madrid: Síntesis - Moruno, P., Romero, D.M. (2006). Actividades de la vida diaria. Barcelona: Masson - Polonio, B. (2001). Conceptos fundamentales de terapia ocupacional. Madrid: Médica Panamericana - Romero, D.M., Moruno, P. (2003). Terapia ocupacional: Teoría y técnicas. Barcelona: Masson - World Federation of Occupational Therapists (WFOT) (2016). Code of Ethics: Ethical Core of Occupational Therapy. Para o desenvolvemento da metodoloxía Lecturas, utilizaranse, entre outros recursos, as Declaracións de posicionamento da Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais (World Federation of Occupational Therapists, WFOT), dispoñibles para a súa descarga na dirección web http://www.wfot.org/ResourceCentre.aspx Para a elaboración do Portafolios do alumnado, recoméndase o emprego e aplicación do Ciclo Reflexivo de Gibbs: Gibbs, G. (1988). Learning by Doing: A Guide to Teaching and Learning Methods. Oxford: Oxford Further Education Unit (https://hhs.hud.ac.uk/lqsu/Sessionsforall/supp/Gibbs%201988%20reflective%20cycle.pdf).
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Bases Históricas e Documentación en Terapia Ocupacional/653G01108

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Ciencias da Ocupación e Fundamentos de Terapia Ocupacional/653G01109

Materias que continúan o temario

Procesos de Terapia Ocupacional/653G01204

Estancias Prácticas II/653G01210

Observacións



1.- Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sostible e cumprir cos obxectivos estratéxicos 1 e 2 do "III Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2018-2020)", os traballos documentais que se realicen nesta materia:

- a.- Na súa maioría, solicitaranse en formato virtual e soporte informático.
- b.- De realizarse en papel:- Non se empregarán plásticos.
- Realizaranse impresións a dobre cara.
- Empregarase papel reciclado.
- Evitarase a impresión de borradores.

2.- A docente responsable da materia resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou noutros aspectos, que serán notificados ao estudiantado coa suficiente antelación.

3.- Para a correcta planificación das estancias prácticas, realizaranse (segundo o calendario oficial), varias reunións de coordinación académica:- Actividades iniciais: establecemento de grupos de prácticas e distribución de rotatorios, reunión da coordinadora da materia co alumnado matriculado para a presentación dos recursos de prácticas, as normas e consideracións básicas a ter en conta e os traballos a realizar ao longo da materia, así como para a organización dos grupos de estudantes.- Coordinación da docencia: encontro entre a coordinadora da materia e as/os docentes e titoras/es terapeutas ocupacionais dos recursos de prácticas, previo ao inicio das mesmas e de forma posterior.

4.- Normas mínimas: o alumnado deberá cumprir unhas normas xerais básicas de identificación persoal, puntualidade e respecto á poboación atendida nos recursos nos que se desenvolvan as prácticas, así como ao seu equipo profesional e ás súas instalacións. Ademais, deberanse respectar as pautas mínimas específicas que cada centro estableza para o correcto desenvolvemento das estancias prácticas.

5.- A docente responsable da materia aplicará a correspondente normativa da UDC ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un(ha) estudante no desenvolvemento dos seus traballos.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías